

Guía de TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA

Concello de Rianxo



A comunicación electrónica coa cidadanía é un dereito e, dende xa, unha realidade.



A Administración electrónica permíteche realizar os trámites administrativos co teu concello sen te moveres da casa.

Esta guía indícache como.

Dende o noso sitio web poderás, ademais, acceder aos seguintes trámites:



Presentar solicitudes e documentos



Tamén, noutras administracións



Recibir as notificacións electrónicas




Presentarte ás licitacións electrónicas



Emitir facturas electrónicas ao concello



Pagar recibos e tributos



Comunicar avisos e incidencias

concelloderianxo.gal

SEDE ELECTRÓNICA

sede.concelloderianxo.gal

Que podo facer na Sede?


- Presentar unha solicitude ou documentación
- Coñecer o estado dos teus expedientes
- Consultar os documentos dos teus expedientes

Que necesito?

- Identificarte co DNI-e, un certificado electrónico, ou **Cl@ve** (ver máis adiante)
- Un navegador web moderno en calquera dispositivo (ordenador, móbil, *smartTV*)

Como funciona?

- Seleccionas o trámite que queres facer ou unha SOLICITUDE XERAL
- Comprobas a documentación, normativa, prazos e taxas aplicables
- Inicias o trámite en liña (On Line)
- Cobres o formulario específico
- Achegas a documentación requirida (dixitalizada; coa túa sinatura estás declarando que dispós dos documentos orixinais)
- Anexas a documentación adicional
- Asinas os documentos e o envío con Cl@ve



A túa solicitude xa está rexistrada! E agora?

- Podes seguir a tramitación dos teus expedientes en **As miñas xestións**
- Poderás descargar os documentos xerados
- Se escolliches ser notificado de forma telemática, chegarache un correo de aviso cando o teu expediente xere unha notificación



IDENTIFICACIÓN

clave.gob.es

Para faceres as xestións electrónicas é preciso que te identifies dunha forma confiable con **Cl@ve**.

Que é Cl@ve?

Unha plataforma do Estado que centraliza a autenticación e firma electrónicas. Con Cl@ve, podes acceder a múltiples plataformas electrónicas, como:

- Sedes electrónicas das administracións
- Axencia Tributaria
- Seguridade Social
- Dirección Xeral de Tráfico



Busca este símbolo para identificáreste

Como uso Cl@ve?

Sempre que unha plataforma che solicite acceder ou asinar con Cl@ve, podes utilizar unha destas variantes:

DNI electrónico

Podes actualizar o teu DNI-e nas oficinas expendedoras da Policía.

Certificado electrónico

Podes obter un certificado electrónico de balde en FNMT.es

Cl@ve PIN

Permite o acceso temporal mediante o envío dun PIN ao móbil. Hai dispoñible unha *app* para móbiles para xestionar a Cl@ve PIN.

Cl@ve Permanente

Permite o acceso permanente utilizando un contrasinal. Recibirás a túa Cl@ve na casa por correo postal ao dáreste de alta.

NOTIFICACIÓNS TELEMÁTICAS


notifica.xunta.gal

Cando serei notificado de forma telemática?

Se ao presentar a solicitude indicaches que queres ser notificado de forma telemática, chegarache un aviso ao teu correo cando che teñamos que notificar por algún motivo:

- o teu expediente foi resolto
- falta documentación ou é incorrecta
- hai que aboar as taxas, para o que se che enviará o recibo de pagamento, que poderás pagar na nosa pasarela de pago:

concelloderianxo.gal/recibos



Sempre podes escoller como queres ser notificado/a

Como accedo ás miñas notificacións?

A través da plataforma da Xunta **Notifica:** notifica.xunta.gal

- Accedes co teu certificado dixital ou DNI-e ou coa **Chave365** da Xunta. A **Chave365** podes obtela ao momento no teu centro de saúde.
- Se é a primeira vez, completa os teus datos e indica os correos e teléfono de aviso,
- Accede á notificación e asina o xustificante de recepción para poder lela.